


Premios á Cooperación
2025

**Memoria explicativa
dos méritos que distinguen
a candidatura**

**Rexenerando
S. Coop.**

Desde 2014 ao servizo
da transformación
social



**rexe
nera
ndo**

*S. Coop.
Galega*

Índice

Ficha resumen	2
A Cooperativa	3
Quen somos	3
Que facemos	6
O equipo	7
A traxectoria	9
Os valores que nos guían	11
Xestión con valores	12
Proxectos con valores	14
Difundindo os valores cooperativos	17
Dixeron de nós	18
Mirando o futuro	20

Ficha resumo

Rexenerando S. Coop. é unha cooperativa sen ánimo de lucro con once anos de traxectoria, enraizada en Ferrol. Desde ela, un equipo interdisciplinar de persoas desenvolvemos proxectos para a xustiza social arredor de tres eixos de traballo, que son tamén tres grandes valores que nos guían: a participación e a democracia; a igualdade e a atención á diversidade; e o respecto pola historia e a cultura.

Máis alá dos proxectos, a nosa razón de ser é sermos quen de sostener un proxecto empresarial comprometido coas lóxicas da economía social e solidaria, no que as persoas estean realmente no centro, que teña un impacto positivo no territorio que habitamos. Para nós a dimensión reprodutiva e interna merecen tanta atención e coidado como a produtiva e dos proxectos; danlle autenticidade e solidez á nosa práctica.

É así que Rexenerando é, para nós, un laboratorio desde onde espallar os valores coo-

perativos, que nos nutren a nós como traballadoras, e tamén ás persoas, colectivos e institucións coas que tramamos proxectos.

Presentámonos aos Premios á Cooperación 2025, darnos tempo para mirar atrás e tomar consciencia do que somos e queremos achegar ao mundo, é tamén un xeito de celebrar a nosa traxectoria como cooperativa. Once anos nos que construír unha posibilidade de emprego digno, un equipo, un xeito de facer, e unha marca ao servizo da transformación social.



A cooperativa

A xénese de Rexenerando dáse no difícil contexto laboral que sucede á crise de 2008. Un grupo de mozas, formadas no campo das ciencias sociais, desafiamos o destino do traballo escaso e precario e puxemos o noso coñecemento e convencemento na procura dun proxecto empresarial que permitise levar ao mundo o que sabemos facer de maneira autónoma e respectuosa, no que non houbese que pedir permiso para coidar, desde o que construímos camiños profesionais dignos e vidas máis vivibles.

Por que estamos aquí

Quixemos facelo sen migrar, procurando as vías de xerar emprego no lugar do mundo que habitamos e en conexión co territorio, aproveitando os recursos que esta terra ten para darnos. E así enraizamos o noso fogar en Ferrol, conectadas coa rebeldía e resiliencia deste lugar periférico.

Desde os albores deste proxecto apostamos pola fórmula cooperativa para desenvolver o noso traballo, entendendo que era o camiño natural para un proxecto que intentaba poñer a vida no centro e non o capital, e apostar pola transformación social non só no produtivo, senón tamén na propia xestión interna do equipo e os seus recursos. En coherencia con esta escolla, e tamén desde os nosos inicios, asociámonos a Coop57 e a Unión de Cooperativas Espazocoop.

Na travesía, fomos pulindo a fórmula (transformámonos de cooperativa de traballo asociado e sen ánimo de lucro), ampliando redes, mutando, consolidando o lugar no que estamos e buscando ampliar o impacto aproveitando a nosa posición. Construindo

un espazo no que os principios e valores cooperativos son porto de partida, e lugar ao que chegar. Once anos despois, seguimos a avanzar.



Rexenerando é unha cooperativa do ámbito sociocultural desde a que buscamos rexenerar os vínculos colectivos, entre as persoas e cos territorios. O noso traballo está alineado cos Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible, como a igualdade (ODS 5), a redución das desigualdades (ODS 10) e a xeración de traballo decente e o crecemento económico (ODS 8).

Nestes once anos de traxectoria tivemos a oportunidade de traballar con axentes e institucións moi diversas, en procesos artesanais, feitos a medida para responder ás necesidades do contexto e persoas enroladas en cada un deles. A escala das nosas

clientes vai desde pequenos colectivos informais locais, até administracións a nivel estatal. Grandes ou pequenas, poñemos sempre todo o noso saber facer e coidado para procurar dar as respostas máis afinadas aos retos que nos propoñen.



Somos economía social e solidaria

**Xurdimos como
cooperativa sen ánimo
de lucro desde o
desexo de condicións
laborais dignas para
nós e para a rede que
nos sostén**

Que facemos

Traballamos arredor de tres grandes eixos que vertebran o noso quefacer:

FACILITACIÓN, PARTICIPACIÓN E ACOMPAÑAMENTO

Área que engloba un conxunto de metodoloxías, técnicas e habilidades á disposición da participación cidadá, a dinamización sociocomunitaria e do acompañamento de procesos grupais e de desenvolvemento organizacional.



Formación en facilitación de grupos para o traballo colectivo.

Facilitación de espazos grupais apoiando procesos de toma de decisións, resolución de conflitos, deseño da gobernanza e desenvolvemento organizacional, etc.

Acompañamento e mentoría de equipos de traballo.

Ferramentas para a indagación grupal e a creación colectiva.

Programas de fomento da participación cidadá e acompañamento de procesos cidadáns inclusivos.

Intervención e mediación sociocomunitaria.

Obradoiros dirixidos a garantir o dereito á participación das infancias e adolescencias.

IGUALDADE, DIVERSIDADE E DEREITOS LGBT

Área orientada á sensibilización e promoción da igualdade de xénero desde unha perspectiva interseccional e de dereitos. Traballamos o recoñecemento da diversidade, o apoderamento de persoas e colectivos minorizados e, en xeral, a transformación das relacións para a equidade e a xustiza social.



Deseño de políticas públicas de igualdade e elaboracións de plans e estratexias.

Programas e intervencións coeducativas para o conxunto da comunidade educativa: alumnado, familias e profesorado.

Formacións especializadas sobre educación sexual, comunicación inclusiva, delitos de odio contra persoas LGBTIQ, historia dos feminismos, etc.

Creación de espazos para o apoderamento colectivo das mulleres e outras identidades minorizadas.

Campañas para a sensibilización e a prevención das violencias machistas e da LGBTIQfobia.

Proxectos de participación social destinados á posta en valor da memoria, os coñecementos e as experiencias das mulleres.

CULTURA, MEMORIA E LINGUA

Área dedicada á dignificación dos territorios e a súa historia. O obxectivo destes proxectos é que as persoas, públicos ou participantes, melloren o seu coñecemento dos espazos que habitan, comprendendo as opresións e valores que os atravesan, e comprometéndose así coa súa xestión e coidados.



Deseño e execución de roteiros históricos interpretados.

Proxectos educativos de posta en valor do territorio e os seus recursos.

Procesos e metodoloxías de innovación educativa para a activación de falantes.

Procesos participativos comunitarios para a recuperación e visibilización da memoria colectiva.

Elaboración de materiais gráficos e audiovisuais para a divulgación das historias subalternizadas.

Asesoramento e produción de xornadas divulgativas.

O equipo

Como proxecto vivo, o equipo de Rexenerando foi mudando ao longo do tempo, dándolle forma a unha entidade que, construída a base de saberes e perspectivas particulares e diversas, vai máis alá das persoas. Na actualidade o equipo estable está formado por catro persoas con perfís das ciencias sociais, e unha ampla vagaxe formativa e profesional:

Andrea Rico Adeg

Socia traballadora

Educadora social e pedagoga, especializada en facilitación de grupos

#democraciaprofunda #lideradostransformadores
#xestióndoconflito

Olga Romasanta

Socia traballadora

Historiadora da arte especializada en mediación cultural

#apegoaoterritorio #saberessubalternizados
#innovaciónsocial

Martín V. Añel

Socio traballador

Sociólogo especializado en xénero e LGBT+

#diversidadeLGBT+ #masculinidadesigualitarias
#participacióncidadá

Paola Bermúdez

Traballadora contratada

Técnica de proxectos

Educadora social especializada en participación cidadá

#educaciónparaaparticipación #sustentabilidade
#ecofeminismo



Son tamén Rexenerando

Marcos Abalde

Socio colaborador de Rexenerando

Filólogo, escritor e docente

Un dos fundadores da cooperativa, Marcos, segue formando parte do equipo en calidade de socio colaborador, desde onde nos asesora no desenvolvemento dalgúns proxectos.

Olalla Barro

Fundadora de Rexenerando

Politóloga especializada en xénero e docente

Olalla é outra das fundadoras da entidade. Aínda que na actualidade non forma parte da organización, a súa pegada segue presente na cooperativa, e a súa mirada segue a nutrir moitas das nosas accións.

Ademais das persoas que traballamos directamente na cooperativa, contamos cun equipo expandido, colaboradoras estables que de xeito regular apoian os nosos proxectos no eido produtivo e reprodutivo:

Nadina Bértolo



Deseñadora gráfica, responsable da nosa imaxe de marca e o deseño gráfico dos nosos proxectos

César Fernández

Facilitador de grupos, responsable do acompañamento regular do noso equipo

XEDEGA

Cooperativa que nos asesora na xestión contable, fiscal e laboral



Formamos parte activa de redes da economía social e solidaria, así como de organizacións sectoriais que nos poñen en relación con profesionais dos nosos ámbitos de competencia. Na actualidade somos socias de:

[Unión de Cooperativas EspazoCoop](#) →

[Coop57](#) →

[Instituto de Facilitación e Cambio IIFAC-e](#) →

[Asociación Galega de Antropoloxía](#) →

[Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia](#) →

[Rede Galega de Estudos Queer](#) →

A traxectoria

Once anos de travesía cooperativa dan para un relato ben extenso e nutrido. O sentido da nosa existencia, os proxectos que levamos desenvolvido, o lugar desde onde o facemos e a rede que fomos construíndo polo camiño, falan da nosa traxectoria. A un tempo, moito quedaría por escribir sobre os esforzos, os éxitos e os fracasos, as ilusións e as decepcións, todas esas experiencias e emocións que levamos navegado.

Neste exercicio de botar a vista atrás para ollar a nosa traxectoria e os valores que a atravesan celebramos e honramos os logros:

No humano

Sermos quen de consolidar un equipo de profesionais diversas, atendendo as diferentes necesidades e maneiras de facer. Traballar e formarnos para que a oportunidade dunha maior democracia que nos ofrece o modelo cooperativo sexa máis profunda e real, esforzándonos por facermos un uso máis consciente e transformador do poder, apoiando os diferentes liderados, mellorando aos poucos as nosas condicións laborais e a capacitación tanto no ámbito produtivo como reprodutivo.

No económico

Cun volume de negocio ascendente cada ano, capacitándonos no ámbito da xestión económica e empresarial, facendo un uso cada vez máis eficiente dos tempos e dos recursos. Apoiándonos no financiamento ético para desenvolvernos así como sermos quen de valorar os nosos servizos axustando ás tarifas ao mesmo. Unha economía con valores feministas que pon no centro as persoas e consciente do valor do traballo reprodutivo.

No profesional

Medrar nestes anos como persoas e como profesionais, adquirindo solvencia e mantendo sempre o compromiso e o rigor coas nosas clientas e usuarias. Apostando pola innovación, pola formación continua e cooperando para poñer en valor as diferentes intelixencias da rede profesional que fomos tramando neste tempo.

No social

O noso compromiso, onte e hoxe, coa xustiza, cos temas que nos atravesan como persoas, como comunidades e como territorios. Poñendo os nosos saberes, creatividade e tempo de traballo ao servizo da activación doutras sensibilidades e doutros mundos posibles.

**Somos veciñas
de Ferrolterra
desde 2014**

**Medramos desde
o compromiso
co noso territorio,
a nosa cultura
e lingua**

Os valores que nos guían

Traballar desde e para os principios e valores establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional é parte da misión de Rexenerando. Desde a nosa xénese, orientan a nosa acción tanto no traballo produtivo coma na xestión interna da cooperativa, impregnando a nosa práctica en todas as súas dimensións.

Destacamos dez valores que cremos que nos nosos dez anos de traxectoria tiveron especial relevancia na nosa praxe:

Compromiso

Co territorio, coas persoas, coa fórmula cooperativa e os dereitos laborais

Sustentabilidade

Un proxecto viable para nós e para o planeta, que fixe traballo aquí

Innovación

Aprendizaxe continua facéndonos preguntas na dimensión interna e na ideación dos proxectos

Visión crítica

Nos temas e abordaxes dos nosos proxectos, e tamén nunha xestión interna transformadora

Apoio mutuo

Con equidade e buscando mellorar as condicións laborais, apoiándonos tamén en redes e aliadas

Autonomía

Fomentando o traballo autónomo e responsable das persoas do equipo e as colaboradoras, así como a propia autonomía da organización

Escoita e diálogo

Coas nosas clientas e grupos cos que traballamos, e na gobernanza do noso equipo

Coidado(s)

Procesos artesanais, coas persoas e a vida no centro

Diversidade

Acollendo a diversidade interna e traballando con persoas de todos os ámbitos e idades

Transparencia

Compartindo a información dentro da organización, coas clientas e para o mundo

Xestión con valores

Xestión con valores, e proxectos con valores. Neste apartado detallamos como aplicamos os valores á nosa práctica reprodutiva e produtiva, exemplificando a través dalgunhas das nosas iniciativas.

As lóxicas laborais dominantes na sociedade na que vivimos prepáranos para a precariedade e a competencia. Fronte a elas, e non sen dificultade, intentamos que a nosa cooperativa sexa un laboratorio desde no que experimentar desde a mirada da economía solidaria e feminista, intentando levar á práctica un proxecto no que as persoas estean realmente no centro.

Guían os nosos pasos:

A procura de condicións laborais dignas

para o noso equipo e todas as persoas coas que traballamos. Investimos unha grande parte do noso tempo reprodutivo na procura, aprobación, prototipado e avaliación de ferramentas que permitan mellorar as nosas condicións laborais, desde a contaxe e compensación de horas, as medidas de conciliación e flexibilidade, ou o teletraballo. Non queremos ser elo de transmisión dun sistema que precariza; tratamos as nosas provedoras e colaboradoras como nos gustaría que nos tratasen, con transparencia e coidado.



Contamos con: un **regulamento** de réxime interno, un documento vivo que imos revisando en base aos nosos procesos grupais.

A transparencia e acceso á información

de todo o noso equipo, non só contando coa información necesaria de xeito orde-

nado e claro no físico e no dixital, se non garantindo que é coñecida e comprendida por todas as persoas como parte do seu benestar na empresa.



Contamos con: un **plan de titorización** para as persoas traballadoras de Rexenerando, con reunións periódicas para facilitar a comprensión do sistema e apoiar o proceso de incorporación.

A procura dunha gobernanza axeitada para a nosa organización.

Non só contamos cun organigrama claro, adaptado e vivo, se non que nos esforzamos por xestionar os conflitos que xorden no traballo en equipo e apoiar o liderado de cada un dos roles da organización. En consonancia con reflexións contemporáneas no cooperativismo e a xestión grupal, queremos aprender a acoller a diversidade dentro da equidade, apoiando a procura de novos modelos de organización que van máis alá do binomio horizontal - vertical.



Contamos con: un **organigrama** que clarifica as funcións de cada posto, e revisa nos espazos grupais da cooperativa para adaptalo ás mutacións do momento.

O coidado das persoas, as relacións e o equipo.

Temos estruturados os espazos de reunión para atender a todas as dimensións da cooperativa: a toma de decisións, a creatividade, a xestión das emocións e a celebración ou cohesión do equipo. Contamos con es-

pazos facilitados por profesionais externas para apoiarnos na xestión emocional ou cuestións estratéxicas da organización.



Contamos con: un **plan de acompañamento** en xestión grupal estable, con sesións mensuais e outras extraordinarias ao final de cada semestre.

A formación continua.

Concibimos Rexenerando como un laboratorio no que explorar tanto esas novas formas de relación dentro do propio equipo, como coas persoas e proxectos cos que traballamos. Destinamos recursos económicos e horas anuais á formación do noso cadro de traballadoras.



Contamos con: **espazos de intervención** para a supervisión dos traballos dentro do propio equipo, e sesións mentorizadas con especialistas externas para o asesoramento no deseño dos proxectos.

O coidado do planeta,

a través da redución e reutilización de materiais, a minimización de desprazamentos, ou a selección de alimentos de proximidade e ecolóxicos cando os proxectos requiren desta dimensión. Aínda que é un dos ámbitos nos que temos máis marxe de mellora, intentamos traballar con provedoras éticas sempre que nos é posible.



Contamos con: **criterios para a selección** de provedoras e colaboradoras éticas.

A participación en redes e a intercooperación,

como valor clave no retorno positivo aos nosos contextos. Como xa sinalamos no apartado “Equipo”, somos socias de redes da economía social e de organizacións sectoriais, desde as que reforzar o sector xunto con proxectos afíns.



Contamos con: **horas asignadas** dentro do traballo reprodutivo do equipo para a representación en redes.



Proxectos con valores

Os valores cooperativos son transversais ao conxunto dos nosos proxectos. Xeramos procesos e produtos artesanais, que procuran entender profundamente as necesidades dos territorios, organizacións e persoas para as que traballamos, ofrecendo accións deseñadas a medida e nas que a calidade é unha máxima. Proxectos que apelan ao colectivo porque o entendemos como imprescindible para dar unha resposta axeitada aos retos ecosociais, sempre ao servizo da transformación social, a xustiza e a equidade.

Guían os nosos pasos:

A atención á diversidade

Fonte de riqueza para as comunidades e o planeta. Traballamos de maneira específica coa diversidade lingüística e sexo-xenérica, desenvolvendo accións específicas para o mundo educativo así como para público xeral. Procuran sensibilizar a cidadanía sobre as diferentes realidades existentes, o seu valor, as opresións que atravesan algunhas delas, e activarnos na súa defensa, ensanchando en definitiva os límites da cidadanía e a democracia.

Un exemplo recente: os **Paseos Desviados** (proxecto propio financiado pola Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol, 2022 - actualidade), roteiros nos que dar a coñecer a memoria das disidencias sexuais e poñer en valor a acción polos dereitos sexuais e reprodutivos, deseñados en colaboración coa historiadora Daniela Ferrández. Sobre as experiencias xa realizadas en Ferrol e na Coruña, temos a vontade de expandir os paseos a outras cidades e contextos rurais, incorporando outros elementos divulgativos.

A procura da sustentabilidade e o coidado da terra

Desde unha visión crítica e ecofeminista, consciente da crise ecosocial na que nos atopamos. Levamos a cabo campañas, accións de sensibilización e formación con

todo tipo de públicos que buscan promover a reflexión sobre os límites do planeta e a necesidade de colocar a reprodución da vida no centro.

Un exemplo recente: **Enraizadas** (EuroEume, 2022 - 2023) é unha campaña ecofeminista para a visibilización das mulleres do sector primario nas comarcas do Eume e Ferrolterra. Na primeira edición realizamos vídeos coa cooperativa Illa Bufarda, compartindo experiencias e referentes, para nunha segunda edición amplificar o seu alcance cun ciclo de faladoiros abertos e obradoiros educativos.

O fomento da cohesión social, os vínculos co territorio e entre as persoas

A través de procesos de participación social e de dinamización sociocomunitaria. Desde aí, deseñamos diferentes ferramentas e espazos para garantir o dereito á participación da cidadanía, sexa cal sexa o seu ámbito territorial, a súa orixe, xénero ou idade, establecendo canles para a información, a creación colectiva e a rendición de contas, contribuíndo á construción dunha veciñanza activa.

Un exemplo recente: **A Escola de Participación Cidadá do Concello de Narón** (2020 - actualidade), un recurso público ideado como un espazo de relación entre a veciñanza e o Concello. Acompañamos e apoiamos ao tecido asociativo do concello, desenvolvendo formacións e mellorando a súa capacita-

Somos transformación social

**Tramamos procesos
de intervención
e investigación ao
servizo da construción
de comunidades
máis democráticas
e inclusivas**

ción e habilidades, ao tempo que promovemos a participación activa e a expresión das necesidades de toda a veciñanza.

O apoio a unha gobernanza democrática nas organizacións

Acompañando procesos colectivos a través das ferramentas de facilitación de grupos. Desenvolvemos o acompañamento directo a equipos, formamos en técnicas para a xestión de equipos e elaboramos materiais para a divulgación destas ferramentas.

Un exemplo recente: a formación e **acompañamento ao grupo motor da Fusquenlla** (Concello de Moêche, 2024), un centro de apoio ao desenvolvemento rural centrado na transformación agroalimentaria e aberto á produtoras da comarca. A través de espazos facilitados apoiamos a reordenación da súa estrutura como grupo, a toma de decisións e a implementación de acordos que apoiem e fortalezan o seu traballo como colectivo.

O traballo con colectivos vulnerabilizados

Sempre desde alianzas con diferentes equipos de servizos sociais no noso territorio, así como con outras entidades, colocando a diversidade no centro. Partindo da vontade de visibilizar e incluír outras realidades dende unha perspectiva interseccional, ex-

pandimos os nosos procesos, traballando por achegarnos e ofrecer o noso traballo a persoas e identidades que non sempre son incorporadas aos proxectos participativos e culturais.

Un exemplo recente: **Bancos pola Xustiza Social** (Concello de Bergondo, 2023 - 2024) é un proxecto de sensibilización e inclusión da diversidade a través do deseño colaborativo e a arte urbana. O traballo participativo integrou colectivos diversos como persoas con diversidade funcional, LGBT+, persoas migrantes, maiores ou persoas con enfermidade mental.

A comprensión do conflito como unha oportunidade

Para a transformación e o apoderamento de diferentes comunidades desde o emprego das ferramentas de facilitación de grupos e as metodoloxías de innovación social.

Un exemplo recente: O **Laboratorio de Apoderamento Lingüístico** (proxecto propio realizado na comarca de Ferrolterra para o repositorio Tece Redes en galego ao abeiro do Fondo de Proxectos Xacobeo 21-22, en colaboración co Ministerio de Cultura e Deporte), no que traballamos pola dinamización e xestión do conflito lingüístico. O seu obxectivo último foi promover unha rede de mocidade comprometida coa lingua, facilitando a activación entre iguais de falantes e dando espazo á dimensión emocional do proceso dende as súas propias experiencias.



Difundindo os valores cooperativos

Ademais da articulación do noso traballo produtivo e reprodutivo en base aos valores cooperativos, facemos traballo específico para a súa divulgación, así como da propia fórmula cooperativa.

Desenvolvemos proxectos de difusión da economía social:

Deseño e execución dos Roteiros Cooperativos de EspazoCoop (Santiago de Compostela, 2022 e 2023), un percorrido participativo pola cidade no que coñecer de primeira man a experiencia cooperativa a través de catro iniciativas.

Acompañamento dos Pop Up Espazos Efémeros de Emprendemento de EspazoCoop e AGACA (2019), con espazos de formación para cooperativas e dinamización da feira de iniciativas.

Dinamización da I Mostra de Cooperativismo e Economía Social de Ferrolterra (2017), en colaboración coa Mancomunidade de Concellos de Ferrolterra.

Integramos a difusión dos valores cooperativos na nosa estratexia de comunicación

Na web, redes sociais, e medios offline, poñendo en valor de maneira explícita as redes e a intercooperación.

No marco do noso X Aniversario promovemos un programa de actividades que buscaba xerar un retorno positivo no territorio, ao tempo que divulgar a fórmula da economía social. En xuño do 2024 celebramos un paseo participativo pola cidade onde compartir a nosa experiencia como axente da economía social, ao tempo que dar voz a outras experiencias sociais do territorio.



360
FERROL
FERROL360.ES

ACTUALIDAD SOCIEDAD **CULTURA** DEPORTES REC360 OPINIÓN AGENDA

Rexenerando Coop Galega: «traballar como cooperativa encaixa cos nosos valores persoais e sociais»

De esquerda a dereita, Martín, Andrea e Olga. Fotografía Alicia Seoane.

ALICIA SEOANE | 13 de marzo 2024 | 9:08

Andrea Rico Atega, Olga Romasanta Iglesias, e Martín Vázquez Añel, xunto con Paola Bermúdez e David Rodríguez forman a cooperativa **Rexenerando**. Aínda que o equipo foi cambiando ao longo destes dez anos dende que comezaron, a día de hoxe, son elas quen continúan a darlle forma a un proxecto que é tamén parte da súa forma de vida.

Rexenerando é unha cooperativa que naceu cos ecos da crise do 2008, nun momento social e económico que puxo o sistema patas arriba, «nos impulsou a buscar fórmulas para poñer as nosas capacidades e formacións en valor tomando as nosas propias decisións.», explica Andrea Rico.

Dixeron de nós

Serezábel Rodríguez **Técnica dos Servizos Sociais** **do Concello de Bergondo**

#cliente #administraciónlocal

“Desde o primeiro momento entenderon perfectamente a filosofía de traballo dos Servizos Sociais, a importancia do traballo comunitario desde unha perspectiva feminista, inclusiva, dinamizadora e innovadora. Destacaría como valores a constancia, organización, planificación, o cariño e a seriedade. Valoro profundamente que desde Rexenerando se cuestionen por que, para que, como e para quen se fan as cousas, isto permite adaptar as actividades a un público específico e coa calidade que merecen”.

Olga Ameneiro **Concelleira de Participación Cidadá** **do Concello de Narón**

#cliente #administraciónlocal

“Os valores que máis me gustaría destacar do traballo de Rexenerando son o compromiso, a responsabilidade máxima nas tarefas a desenvolver, así como unha excelente organización, o que implica a consecución das metas propostas e os obxectivos establecidos. Sinalaría tamén a proactividade na xeración de ideas e propostas, e o traballo en equipo e autonomía, sempre con flexibilidade e claridade”.

Carme Adán **Coordinadora da Comisión técnica** **sobre identidades e disidencias sexuais** **do Consello da Cultura Galega**

#cliente #administraciónautonómica

“Quixera destacar como valor fundamental de Rexenerando o rigor no traballo que realizan, acompañado dunha aposta pola escoita de voces plurais. O seu traballo conleva sempre o coidado e o respecto das persoas que participan nos procesos e tamén as persoas as que van dirixidas as accións”.

Outonía S. Coop.

#cliente #cooperativa

“Para nós Rexenerando foi un dos primeiros espellos onde nos podemos mirar e que en parte inspirou o noso proxecto. Un referente en canto a emprendemento cooperativo no eido social e cunha perspectiva feminista e comunitaria moi clara. Un dos trazos da

maneira de traballar que teñen é que realizan “acompañamentos respetuosos”. Con toda a profesionalidade e saber facer que implica acompañar (a persoas, proxectos, iniciativas...) e con toda a dificultade de desenvolver unha presenza real, sincera e afectuosa”.

Zona Hadal **Asociación sociocultural de artes** **audiovisuais e educación social**

#provedora #audiovisual

“Para nós, o máis destacable de traballar con Rexenerando é o feito de sentirnos integradas nunha rede de traballo onde as ideas pasan a formar parte dun fluxo bidireccional. É precisamente iso: traballar con (“enlazadas con”) Rexenerando. Diríamos que os valores sempre presentes na maneira de traballar de Rexenerando son esencialmente dous: liberdade creativa e procura de consensos”.

Daniela Ferrández **Investigadora e docente na Universidade** **de Santiago de Compostela**

#colaboradora #universidade

“Se destaco algo do meu contacto con Rexenerando é a súa proximidade, horizontalidade e calidade humana á hora de traballar. O traballo estrutúrase sempre en equipo, e grazas a estes valores conseguen facerte parte dese equipo nos proxectos partillados”.

Arabías S. Coop.

#colaboradora #consultoría

“Colaborar con Rexenerando posibilita traballar no marco de iniciativas que fomentan valores no eido da comunidade; e ao mesmo tempo traballarmos nunha equipa onde poñemos no centro os coidados, a comunicación e o botrato. Os valores que están presentes nos proxectos que desenvolvemos xuntas conéctanse directamente coa horizontalidade, a perspectiva feminista, a xestión de grupos dende o a facilitación e a prevención de conflitos e a ética dos coidados”.



Somos diálogo colectivo

**Empregamos
as ferramentas da
facilitación de grupos
e da investigación
social para favorecer
conversas relevantes
e significativas**

Mirando o futuro

Diciamos que os principios e valores cooperativos son para nós porto e lugar de chegada. Conscientes dos numerosos retos que aínda temos por diante, buscamos a mellora continua para dar resposta aos retos da organización e do planeta. O noso Plan Estratéxico 2024 - 2026 pon especial atención ás seguintes dimensións:

Mellora das condicións laborais, ampliando ademais o equipo con novos postos de traballo de calidade.

Perfeccionamento dos sistemas de avaliación de impacto, que nos permitan facer análises pormenorizadas sobre a nosa xestión ou os nosos proxectos.

Consolidación das redes con entidades do territorio e na economía social, promovendo a intercooperación.

Reforzo e posta en marcha de proxectos propios, conectados co noso valor e as necesidades sociais.

Expansión das ferramentas da facilitación de grupos e o bo trato nas organizacións, apoiando a consolidación doutros proxectos colectivos no territorio.

Enfrontamos os novos retos internos e externos desde a fragilidade e a vulnerabilidade de sabermos unha organización pequena nun contexto global xigante que prioriza outras lóxicas. Mais tamén desde a fortaleza que nos dá o convencemento de contarmos cun equipo consolidado, unha traxectoria sólida e uns valores que lle dan sentido e dirección ao futuro.



Inspiradas pola poesía da ferrolá Xohana Torres, espreitamos o horizonte e afirmamos:

Nós tamén navegar!